

Benquerido Luís:

Supóñote moi ben enterado de todo o relativo á "Mostra do Libro Galego" que se celebróu en Barcelona e que recentemente se repetiu no Museo Carlos Maside. Como o Isaac foi o gran animador de ambas, el te informaría compridamente. Dias pasados, coincidindo coa segunda destas exposicións, celebrouse no Museo Carlos Maside un "Seminario do Libro Galego" patrocinado polo Laboratorio de Formas, do que te supoño asimismo moi ben informado. Mas como ocorre que presidín eu o Seminario --sin dúbida por ser o representante da Fundación Penzol, pois outro motivo nono había--, non quero deixar de che comunicar a miña impresión de conxunto. Para min resulta un deber --un gustoso deber-- informarte precisamente a ti, que tan presente estiveches na mente de todos no curso de Seminario, pois todos somos ben conscientes do teu importantísimo papel na promoción, na ilustración e na realización do libro galego do século XX. Na futura historia da bibliografía galega, un dos capítulos importantes terá que estar adicado a Luis Seoane.

O "Seminario" resultóu unha xuntanza positiva. Acudiu bastante xente, inda que en realidade recibiron moi tarde as invitacións. Había editores, escritores, artistas, libbreiros e lectores. Houbo ponencias de Dieste, Filgueira, Blanco Amor, Xohan Ledo e Xesús Alonso. Contábase recibir unha tua que non chegou a tempo. A do Dieste viña ser unha vella carta que lle escribira ao Isaac sobre o que debe ser unha editorial galega, carta que seguramente ~~che~~ ~~conoces~~; a do Filgueira foi unha interesante historia do libro galego; a do Blanco Amor insistiu en que a actual curiosidade xuvenil pola literatura galega débese á politización da mocidade e en que é necesaria a profesionalización do escritor galego; a do Xohan Ledo fixo atinadas consideracións sobre o papel do libro na nosa cultura; a do Alonso --leuse porque el non asistiu-- era un breve

"Chamamento dramático" encol do idioma.

No decorrer do Seminario tiveron intervencións destacadas o Dieste, o Celestino Fernández de la Vega, o Xohan Ledo, o Filgueira --este só como ponente--, o Isaac, o Alexandro Finisterre, o Blanco Amor, o Manuel María, o Patiño ("Librouro") e varios rapaces da Cruña.

O ton xeral do Seminario foi de gran interés polos problemas do libro e de gran cordialidade no ambiente. Naturalmente, houbo intervencións mais ou menos utopistas, pro houbo un craro predominio da vontade realista. Moitas cousas que alí se dixeron, eran ben conocidas para os que temos experiencia editorial, pro resultaba moi interesante velas xurdir e revolotear nas mentes dos outros. A nota que poderíamos decir que dominou mais fíei a da necesidade de "popularizar" por todos os medios a edición e a difusión do libro galego.

Coido que foi un éxito do Laboratorio de Formas.

Nestes dias --mañán ou pasado-- teréi que marchar a Barcelona para lle facer compañía a Fermín Penzol que está hospitalizado con unha grave doenza --un tumor de vexiga-- e vai ser operado próximamente.

Apertas nosas para os dous

Ramón